



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO XVI – PREMIO INTERNACIONAL “ANDRÉS GAOS” DE COMPOSICIÓN MUSICAL

Despois de ver os informes do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaria Xeral e do servizo de Fiscalización

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as Bases reguladoras do XVI – Premio internacional "Andrés Gaos" de composición musical, que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Segundo. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Terceiro. Aprobar a convocatoria do XVI – Premio internacional "Andrés Gaos" de composición musical, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo – Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase o día 9 de abril de 2025, e finalizará o día 30 de maio de 2025.

Cuarto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quinto.- Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, que ascenden a un total de **18.000,00 €**, de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Importe	Documento RC	Aplicación
Premio	13.000 € (2 premios de 6.500€)	220250007208	0612/3343/481
Honorarios do xurado, fixados de acordo co establecido na Base 30ª.4 das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2025.	5.000 € (1.000 € x 5)		0612/3343/22609



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

ANEXO - BASES REGULADORAS

XVI Premio Internacional “Andrés Gaos” de composición musical

BASES

Primeira.- Obxecto

Coa finalidade de recoñecer o nome de tan insigne músico e compositor coruñés e de acrecentar a gran tradición musical da nosa provincia e do noso país, a Deputación da Coruña convoca con carácter bienal o XVI Premio Internacional “Andrés Gaos” de composición musical

Segunda.- Persoas destinatarias.

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nas dúas convocatorias anteriores a esta, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún outro premio ou certame.

Cada persoa poderá presentar unha única obra en cada modalidade.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificarase mediante unha declaración responsable na que se manifeste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poidan xurdir, polo que recaerá na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumirá, se é o caso, as indemnizacións que poidan corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Terceira.- Dotación

Establécense dous premios de acordo coas seguintes modalidades:

Modalidades:

- **A) Modalidade Orquestra:** Formato de orquestra, cunha dotación de 6.500€



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

- **B) Modalidade Ensemble:** Formato de cámara, cunha dotación de 6.500€

Estas cantidades están suxeita ás retencións que lle sexa aplicables.

O premio poderá quedar deserto ou ser concedido con carácter ex aequo: neste caso, os seus importes repartíranse proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas

O premio non poderá concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse si a beneficiaria falecese despois do fallo do xurado.

Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día **9 de abril de 2025 e rematará o 30 de maio de 2025**, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Quinta.- Envío da obra e documentación

Para garantir o anonimato das solicitudes, a presentación realizarase baixo o sistema de PLICA coa presentación dun sobre pechado, a portes pagados, que indique no exterior o título do XVI Premio Internacional “Andrés Gaos” de composición musical, ao seguinte enderezo:

Deputación provincial da Coruña
Avenida Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

Dentro deste sobre principal incluíranse dous sobres (sobre A para a obra e sobre B para a documentación). Ambos sobres indicarán o seguinte no exterior:

- XVI Premio Internacional “Andrés Gaos” de composición musical
- Modalidade á que se presentan (Orquestra ou Ensemble)
- Título da obra
- Un lema ou pseudónimo

Sobre A – Obra

Unicamente poderase presentar unha obra por participante. No caso de que varias obras da mesma autoría resulten seleccionadas polo xurado, quedarán excluídas do premio.

A presentación da obra proposta, realizarase preferentemente en formato dixital por medio dun USB/CD. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais enviaranse por duplicado, en



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

exemplares separados, en tamaño DIN A3, polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados.

As obras serán de tema e extensión libres, cunha duración recomendada para cada obra de entre 10 e 20 minutos.

A) Modalidade Orquestra

O modelo orquestral máximo para a execución das obras será o seguinte:

- 2 frautas
- 2 oboes
- 2 clarinetes
- 2 fagots
- 4 trompas
- 2 trompetas
- 2 trombóns
- 2 percusionistas
- 8 violíns primeiros
- 8 violíns segundos
- 6 violas
- 6 violonchelos
- 4 contrabaixos

Admitiranse os seguintes instrumentos de vento de madeira (tamén como instrumento auxiliar):

- frauta alto (en Frauta 2)
- frautín (en Frauta 2)
- corno inglés (en Oboe 2)
- clarinete baixo (en Clarinete 2)
- contrafagot (en Fagot 2)

Tamén é posible unha distribución de só cordas.

Admitirase a renuncia a instrumentos individuais ou a grupo de instrumentos.

Non se admitirá:

- a integración de instrumentos adicionais
- obras que requiran dun número maior de instrumentos aos especificados



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

- obras para instrumentos solistas

B) Modalidade Ensemble

As obras presentadas poderán ter unha formación mínima de 3 instrumentos e un máximo de 7, dentro do orgánico seguinte:

- 1 Voz de soprano solista
- 1 Frauta (tamén Frauta baixa e frautín)
- 1 Clarinete (tamén clarinete baixo)
- 1 Percusionista (ver o parágrafo seguinte)
- 1 Piano
- 1 Acordeón
- 1 Violín
- 1 Viola
- 1 Cello
- 1 Contrabaixo

Non se admitirá a integración de instrumentos adicionais.

O orgánico de percusión será de: bombo, timbal (32" e 29"), marimba, vibráfono, crócalos afinados, lira, tam tam, toms, pratos e outra pequena percusión conforme aos estándares de orquestra.

Se algunha obra require dunha percusión concreta non mencionada nas bases, poderá preguntar aos organizadores do premio sobre o seu uso.

Sobre B - Documentación

Incorporará os seguintes documentos:

- copia do documento de identidade
- datos de contacto: enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico
- breve currículo
- documento co seguinte contido:
 - Declaración responsable de que a persoa autora é titular de todos os dereitos e que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.
 - Cesión temporal dos dereitos da obra (título da obra) para os efectos de gravación, edición dixital, produción, estrea e reprodución, por un prazo de vinte e catro meses, que se contarán dende a data da concesión do premio.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola Deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical nomeadas por ela, de acordo co seguinte:

- 1 Persoa proposta pola Orquesta Sinfónica de Galicia (OSG)
- 2 Persoas do ámbito musical a nivel estatal ou internacional
- 2 persoas de referencia no ámbito musical galego

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

Sétima.- Valoración, concesión e pago

Valoración

A) Modalidade Orquestra



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

O xurado, despois de ver as partituras presentadas, realizará unha selección de tres obras. Os nomes das persoas autoras e os títulos das tres obras que resulten finalistas serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación.

As tres persoas finalistas serán invitadas a unhas xornadas de traballo coa OSG; a non asistencia ás xornadas de traballo supón a renuncia ao concurso e o xurado poderá nomear outra obra como finalista.

A Deputación farase cargo dos gastos de aloxamento e desprazamento das tres persoas finalistas.

O último día das xornadas de traballo interpretaranse as tres obras finalistas, entre as que o xurado propondrá a obra gañadora.

B) Modalidade Ensemble

A obra gañadora será interpretada polo Ensemble seleccionado pola Deputación provincial da Coruña, a través do procedemento de contratación que corresponda.

A Deputación farase cargo dos gastos da persoa premiada, de aloxamento e desprazamento á estrea.

Concesión

A reunión do xurado terá lugar no segundo semestre de 2025 e a resolución de concesión do premio será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia; a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

O xurado poderá declarar deserto o premio ou ser concedido con carácter ex aequo.

Se hai finalista, a plica correspondente á obra poderá ser aberta pola persoa que exerza a secretaría do xurado co fin de que, se a persoa autora o permite, poida darse a coñecer o seu nome.

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

Non se devolverán as partituras presentadas que non sexan premiadas, sendo destruídas a partir do día seguinte ao da decisión do xurado.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

Pago

Para o cobro do premio, a persoa premiada deberá presentar a través do rexistro da Deputación provincial da Coruña, a seguinte documentación:

Nacionalidade ou residencia española:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria.

Outra nacionalidade:

- Copia do pasaporte ou DNI
- Certificado de residencia fiscal
- Declaración de non ter establecemento permanente en España.
- Certificación de titularidade de conta bancaria

A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava.- Obrigas

A Deputación poderá gravar, editar e reproducir as obras premiadas no prazo de vinte e catro meses, contados dende a data da concesión do premio, sen que isto supoña compensación económica adicional complementaria para as persoas autoras.

A Deputación, resérvase o dereito da estrea no prazo indicado no parágrafo anterior, polo que as persoas autoras non poderán programalas nin autorizar a súa programación, antes de que o fíxese a Deputación ou de que rematasen os vinte e catro meses, agás autorización expresa da Deputación.

No caso de que se realice a gravación ou edición da obra, deberá facerse constar que obtivo o XVI Premio Internacional “Andrés Gaos” de composición musical na modalidade de orquestra ou ensemble.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

ANEXO – EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do XVI Premio “Andrés Gaos” de composición musical. O texto completo das Bases do premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Primeiro. Beneficiarios

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nas dúas convocatorias anteriores a esta, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún outro premio ou certame.

Segundo. Obxecto

Convocar para o exercicio 2025 o XVI Premio “Andrés Gaos” de composición musical, co ánimo de recoñecer o nome de tan insigne músico e compositor coruñés e de acrecentar a gran tradición musical da nosa provincia e do noso país.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 13.000 €, con cargo á partida 0612/3343/481 do Orzamento ordinario para o ano 2025.

Establécense dous premios dotados con 6.500 €.

O premio poderá quedar deserto ou ser concedido con carácter ex aequo: neste caso, os seus importes repartíranse proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 9 de abril de 2025 e rematará o 30 de maio de 2025

Sexto. Outros datos



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

A presentación da obra proposta, realizarase preferentemente en formato dixital por medio dun USB/CD. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais enviaranse por duplicado, en exemplares separados, en tamaño DIN A3, polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados

A obra, xunto coa plica, serán enviados á Deputación provincial da Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando no sobre "XVI Premio "Andrés Gaos" de composición musical".

As obras serán de tema e extensión libres, cunha duración recomendada para cada obra de entre 10 e 20 minutos.

A Deputación poderá gravar, editar e reproducir as obras premiadas no prazo de vinte e catro meses, contados dende a data da concesión do premio, sen que isto supoña compensación económica adicional complementaria para as persoas autoras.

A Deputación, resérvase o dereito da estrea no prazo indicado no parágrafo anterior, polo que as persoas autoras non poderán programalas nin autorizar a súa programación, antes de que o fíxese a Deputación ou de que rematasen os vinte e catro meses, agás autorización expresa da Deputación.

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del XVI Premio "Andrés Gaos" de composición musical. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero. Beneficiarios

Podrán participar todas aquellas personas mayores de edad, que no obtuvieran el premio en las dos convocatorias anteriores a esta, y que presenten obras inéditas y no premiadas con anterioridad en ningún otro premio o certamen.

Segundo. Objeto

Convocar para el ejercicio 2025 el XVI Premio Internacional "Andrés Gaos" de composición musical, con el ánimo de reconocer el nombre de tan insigne músico y compositor coruñés y de acrecentar la gran tradición musical de nuestra provincia y de nuestro país.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases Reguladoras publicadas en el BOP.

Cuatro. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 13.000 €, con cargo a la partida 0612/3343/481 del Presupuesto ordinario para el año 2025.

Se establecen dos premios dotados con 6.500 €.

El premio podrá quedar desierto y ser concedido con carácter ex aequo; en este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día 9 de abril de 2025 y finalizará el día 30 de mayo de 2025.

Sexto. Otros datos

La presentación de la obra propuesta se realizará preferentemente en formato digital mediante USB/CD. Si se opta por la presentación en papel, los originales se enviarán por duplicado, en copias separadas, en tamaño DIN A3, por ambas caras, numerados, grapados o encuadernados.

La obra, junto con la plica, se enviarán a la Diputación Provincial de A Coruña, Avda. Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, indicando en el sobre "XVI Premio "Andrés Gaos" de composición musical".

Las obras serán de temática y extensión libre, con una duración recomendada para cada obra de entre 10 y 20 minutos.

La Diputación Provincial podrá grabar, editar y reproducir las obras premiadas en el plazo de veinticuatro meses desde la fecha de concesión del premio, sin que ello suponga una compensación económica adicional para los autores.

La Diputación Provincial se reserva el derecho a estrenar en el plazo señalado en el párrafo anterior, por lo que los autores no podrán programar ni autorizar su programación antes de que lo



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000043883

Convocatoria: 2025 PREM-AG

haya hecho la Diputación Provincial o antes de transcurridos veinticuatro meses, salvo autorización expresa de la Diputación Provincial.